

CONCURSO ESCOLAR 2024 “OS OCÉANOS, FONTE DE VIDA E SAÚDE”

A OPP 77 PUERTO DE CELEIRO, S.A., con CIF A27175553 e enderezo social en Muelle Pesquero Sur, s/n. 27863 Celeiro (Viveiro), en colaboración co CEIP de Celeiro, convoca o CONCURSO ESCOLAR “OS OCÉANOS, FONDE DE VIDA E SAÚDE, enmarcado na medida 202477S3M07 incluída no seu Plan de Producción e Comercialización 2024 financiado polo FEMPA e a Xunta de Galicia, e que se rexerá polas presentes bases legais.

1. Obxecto e ámbito territorial

O concurso ten como obxectivo contribuír a concienciar ao alumnado sobre a importancia do coidado do medio ambiente mariño, para a consecución de océanos ben coidados que proporcionen alimentos saudables a través da pesca respectuosa realizada pola flota da OPP77. A obtención de alimentos saudables dos océanos a través da pesca, e o coñecemento de como esta se leva a cabo e as necesidades dos ecosistemas mariños para que sexa sostible, será a base para promocionar o consumo de peixe entre os máis cativos.

O concurso está dirixido ao alumnado de Educación Primaria cursos 5º e 6º do centro educativo CEIP de Celeiro.

A inscrición no concurso será xestionada polo profesorado de cada aula acordo co recollido na cláusula cuarta.

2. Ámbito temporal

Pola temática tratada, elíxese o mes de xuño para a celebración do concurso xa que se celebran nel varios días vencellados (Día Mundial do Medio Ambiente, Día Internacional da loita contra a pesca ilegal, Día Mundial do Océanos), sendo as datas claves do concurso son as seguintes:

- 5 de xuño, Día Mundial do Medio Ambiente e Día Internacional da loita contra a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada. Arranca o período de inscrición e recepción dos traballos que terá lugar entre o 6 e o 15 de xuño
- Do 15 ao 18 de xuño o Xurado revisará e deliberará sobre os traballos presentados
- Día 19 de xuño, proclamaranse os mellores traballos
- Día 20 de xuño, fírase a entrega de premios aos mellores traballos

3. Aceptación das bases

A participación no concurso requirirá a aceptación expresa das bases publicadas no sitio Web do concurso www.puertodeceleiro.es

4. Requisitos e mecánica de participación.

A participación no concurso é gratuíta, voluntaria e require do cumprimento dos seguintes requisitos:

- ✓ Inscribirse co profesorado de cada aula
- ✓ Aceptar as bases do concurso
- ✓ Entregar en prazo o traballo co que se pretende participar

5. Proposta do traballo a presentar ao concurso.

Para este ano propoñemos que cada pequena e pequeno deseñe e constrúa un xogo de temática pesqueira. Para levalo a cabo utilizarán principalmente materiais de reciclaxe, aínda que se poidan usar outros materiais de acompañamento, para darlle así unha segunda vida ao lixo que xeramos todos os días.

6. Selección dos mellores traballos

Os gañadores do concurso serán elixidos por un Xurado que estará composto por membros do CEIP de Celeiro, da ANPA e de PUERTO DE CELEIRO S.A., que avaliarán os traballos presentados conforme aos seguintes criterios:

- Que o formato teña temática pesqueira.
- Que a técnica e materiais escollidos sexan respectuosos co medio ambiente.

Unha vez seleccionados os traballos premiados, serán publicados na Web do concurso www.puertodeceleiro.es e na Web do CEIP <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipceleiro> e o CEIP porase en contacto co alumnado premiado.

7. Premios

Agasallo por participar: cada alumno ou alumna que participe recibirá una gorra que será entregada o 7 de xuño.

Dentro do concurso, no que participa o alumnado de 5º e 6º de primaria, haberá primeiro, segundo e terceiro premio, consistentes en bolígrafos 3D, en cada unhas das seguintes categorías:

- **PREMIOS á ORIXINALIDADE: 1º, 2º e 3º posto**
- **PREMIOS á MELLOR TÉCNICA: 1º, 2º e 3º posto**

Convidarase aos premiados a facer unha pescada co seu bolígrafo para que a OPP as comparta nas súas RRSS.

8. Protección de datos de carácter persoal e cesión dos dereitos de imaxe

Mediante a aceptación das presentes bases, o CEIP de Celeiro cede a OPP 77 PUERTO DE CELEIRO, S.A., en exclusiva, de forma gratuíta, para todo o mundo e sen límite de tempo, os dereitos de imaxe que puideran corresponderlle como consecuencia da súa participación no concurso, para xestionar a publicidade do mesmo e os resultados e difusión destes.

O profesorado participante manifesta expresamente baixo a súa responsabilidade haber recadado o consentimento expreso de todos os terceiros (de seus país ou titores legais) que aparecen nos traballos presentados.

9. Propiedade intelectual

Ao participar no concurso, o alumnado cede a OPP 77 PUERTO DE CELEIRO, S.A., en exclusiva, todos os dereitos de explotación, sen exclusión de ningún, sobre os traballos presentados ao concurso, de tal xeito que a OPP 77 queda facultada para fixar, editar, reproducir, distribuír, por a disposición do público, comunicar ao público en calquera medio, soporte ou plataforma en todo o mundo, durante o tempo que permite a lexislación aplicable, sen percibir remuneración algunha.

O profesorado fai, respecto aos dereitos de explotación das aportacións dos alumnos, idéntica manifestación que a realizada respecto do tratamento de datos persoais e dereitos de imaxe, isto é, que están autorizados para a cesión dos citados dereitos de explotación en favor de OPP 77 co mesmo alcance previsto no primeiro parágrafo desta cláusula 9.

10. Xurisdición e lexislación aplicable

As presentes bases serán interpretadas e rexeran conforme a lexislación autonómica e estatal e para calquera cuestión litixiosa o CEIP de Celeiro e a OPP 77 renuncian expresamente a outros fueros que puideran corresponderlles, someténdose a xurisdición e competencia exclusiva dos xulgados e tribunais de Lugo capital.